

# RUTA DA FERVENZA DE VIEIROS



A ruta comeza á beira da estrada principal que vai a Ferramulín e a un quilómetro da aldea de Vieiros. O sendeiro sae á altura dunhas torres eléctricas e descende en dirección ó Río Selmo. Dende a estrada, nada máis comezar xa se divisa a ferverza de Vieiros. Ós 50 metros atópase un desvío que se colle á dereita que indica o camiño para chegar ó salto de auga.



Pásase ó carón dun sequeiro que actualmente está en estado ruinoso e que era unha construción de pedra empregada para secar e almacenar as castañas.

Nesa altura, a ruta ofrece a posibilidade de coller outro pequeno desvío á dereita que funcionaba como unha antiga canle de rego e dende a que agora se pode ver a ferverza dende arriba.



Retómase o sendeiro e continúaase baixando entre plantacións de carballos ata chegar a un chairno




que hai unha ponte de madeira para cruzar o Río Selmo. Dende este punto, pódese admirar a altura da ferverza de Vieiros duns 25 metros e a inmensa poza que forma coa caída da auga.



Crúzase a ponte e ascéndese ó outro lado da ferverza para apreciála dende a parte máis alta.

Continúase polo camiño que discorre a través dunha densa fraga con

ducias de regatos, rápidos e ferverzas máis miúdas atravesadas por febles pasarelas de madeira.



A ruta continúa retomando o camiño e volvendo polo mesmo sitio ó lugar de partida cando se chega a unha ponte de pedra. O percorrido de volta e practicamente chairno e con algún descenso ata chegar de novo á ferverza, logo consiste nun ascenso moderado ata alcanzar a estrada.

Chégase a un bosque de abeleiras e uns metros máis adiante a uns lameiros que van bordeando o curso fluvial do río.

